

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. AULA DE SAN XURXO CURSO 2021/2022

Esta programación vai dirixida a un grupo de 19 alumnos e alumnas, dos cales 1 se atopa no cuarto curso, 11 no quinto curso e 7 no sexto curso de educación infantil. O centro no que a levo a cabo é o C.R.A Raíña Aragonta concretamente na aula que se atopa na parroquia de San Xurxo, situado no concello de Salceda de Caselas. Tiven en conta para elaborala toda a lexislación relativa a esta etapa educativa, o currículo da educación infantil que en Galicia se desenvolve a través do Decreto 330/2009 do 4 de xuño, así coma a RESOLUCIÓN de 17 de junio de 2021, de la Secretaría General de Educación y Formación Profesional, por la que se dictan instrucciones para el desarrollo de las enseñanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria y bachillerato en el curso académico 2021/22.

O contido da programación e fruto da análise de tódolos factores que influiron e que están directamente relacionados coa realidade educativa onde se vai levar a cabo a nosa actividade docente como é o centro e o entorno onde se atopa, as características dos nenos, das nenas e das familias.

O motor principal da acción educativa nesta etapa de Educación Infantil é o desenvolvemento integral da persoa, a través de experiencias e actividades didácticas de carácter lúdico, partindo da realidade individual de cada neno e nena para chegar a acadar, de xeito gradual, os obxectivos sinalados para esta etapa educativa.

Dado que nos atopamos ante uns obxectivos xerais enfocados en termos de capacidades a alcanzar ó longo de toda a etapa educativa, partírase dos informes individualizados elaborados ó final do curso 2020/2021 e da avaliación inicial, reforzando os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior dándolle continuidade o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

OBXETIVOS

- Coñecer o seu corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.

- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir unha progresiva autonomía nas súas actividades habituais.
- Relacionarse cos demais e aprender as pautas elementais de convivencia.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Desenvolver as habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e na lecto-escritura.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Acercarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

CONTIDOS

Os contidos son os aspectos que se queren traballar para que o alumnado desenvolva ao máximo as súas capacidades. Os contidos de Educación Infantil veñen divididos en bloques de contidos para cada unha das áreas de aprendizaxe. Os contidos fan referencia a conceptos, procedementos e actitudes de forma globalizada tomando como referente as tres áreas que configuran o currículo da educación infantil: coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, coñecemento do entorno e linguaxes: comunicación e representación.

COMPETENCIAS

As competencias básicas constitúen un saber facer, un saber ser e estar, é dicir, un saber que se aplica, que pode adecuarse a unha diversidade de contextos e que ten un carácter integrador; este saber abrangue coñecementos, procedementos e actitudes. Inclúen o desenvolvemento de capacidades e non a aplicación de contidos puntuais. Constitúen unha combinación de destrezas, coñecementos e actitudes adecuadas ó contexto; precisanas tódalas persoas para a súa realización e desenvolvemento persoal. Deben seguir desenvolvéndose, manténdose e actualizándose como parte dunha aprendizaxe ó longo de toda a vida. A incorporación de competencias básicas ó currículo permite poñer-lo acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles. Constitúen un

elemento curricular máis pero non se engloban dentro de ningunha área curricular concreta; teñen un carácter globalizador e integrador polo que os nos proxectos, consideran importante incluílas, xa desde a etapa da Educación Infantil.

METODOLOXÍA

A actividade é a principal fonte de aprendizaxe e desenvolvemento dos nenos e das nenas. Cómpre tanto para o seu desenvolvemento físico e psicomotor, coma para a construción do coñecemento.

Por isto, a **ensinanza ten que ser activa**, e debe darlle tempo e ocasión a que o neno e a nena participen e sexan protagonistas da súa propia aprendizaxe. Hai que utilizar estratexias que os estimulen a ser creativos e que alenten o desenvolvemento da imaxinación e da capacidade de observación.

A través da acción e da experimentación, os nenos e as nenas expresan os seus intereses e as súas motivacións e descubren relacións, propiedades de obxectos, formas de actuar, normas... En definitiva, aprenden.

Unha das principais fontes de actividade nestas idades é o **xogo**. É necesario dotar de carácter lúdico calquera actividade que vaimos realizar para o que se debe evita-la división entre xogo e traballo xa que o xogo é o traballo dos nenos e das nenas. É a actividade principal que realizan, favorece a elaboración e o desenvolvemento das estruturas do coñecemento.

Os aspectos afectivos e de relación serán o fío condutor da miña programación, tendo en conta a importancia do xogo nestas idades como linguaxe natural destes nenos e nenas. Ademais tiven en conta outros aspectos como o enfoque globalizador, as aprendizaxes significativas, o principio de individualización, o constructivismo....

Cabe destacar a importancia das tecnoloxías da información e a comunicación para o desenvolvemento adecuado na sociedade do meu alumnado, por este motivo están presentes ao longo da xornada escolar.

A colaboración familia-escola é fundamental para o mellor desenvolvemento do alumnado. A través desta interacción conseguirei coherencia e continuidade en ambos contextos. Sinalar dita comunicación mediante a aplicación ABALAR MOBIL e o correo de aula, así coma a aportación de información relevante na

páxina web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/craraingaragonta/>. En canto as titorías realizaranse de xeito virtual, e se non fose posible presencialmente con cita previa cumprindo as medidas de seguridade.

Terei moi presente a educación en valores xa que é un elemento básico a hora de levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, de forma habitual traballarei a educación ambiental, educación do consumidor, a educación para a saúde. Neste último aspecto destacar que é un aspecto esencial a traballar na situación na que nos atopamos, polo que cada mañá será preciso recordar as normas de hixiene e concienciar da relevancia das mesmas, co fin de crear hábitos positivos no alumnado.

A metodoloxía de traballo do centro educativo e da miña aula están baseados nos proxectos. Estes proxectos xurdirán dos intereses e das necesidades do meu alumnado. A través deles traballaremos todos os aspectos do currículo de forma divertida e globalizada. Como apoio a esta forma de traballo conto cun cuadernillo de lectoescritura e razoamento lóxico matemático para cada curso de educación infantil elaborados pola mestra da aula de Picoña e por min.

Fomentarase o traballo en mesa, tendo cada alumno/a un espazo propio e identificado, promovendo o traballo individual ou en pequenos grupos colaborativos estables (1 grupo de 5 alumnos/as, 2 grupos de 4 alumnos/as e 1 de 6 alumnos/as), mantendo a distancia de seguridade entre eles.

ORGANIZACIÓN DO ESPAZO

Tendo en conta o PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 do centro no que me atopo a organización espacial neste curso 2021/2022 sofre as seguintes modificacións:

No aula existirá un espazo para cada un dos grupos colaborativos que a conforman (4 grupos: 1 grupo de 5 alumnos e alumnas, 2 grupos de 4 alumnos e alumnas e 1 grupo de 6 alumnos e alumnas), sendo durante todo o 1º trimestre (cambiaríanse no 2º e no 3º trimestre) os mesmos grupos e mantendo entre eles a distancia de seguridade de 1.5 metros.

Dentro do aula existe espazos como o de desinfección do alumnado, unha zona do aula destinada o material individual de cada alumno e alumna, zona de espera

para a organización nas entradas ó baño e un último espazo de illamento do alumnado que teña algunha sintomatoloxía vinculada ó COVID.

A aula organízase en zonas de traballo e xogo. Na zona de traballo o alumnado leva a cabo actividades individuais relacionadas principalmente co razoamento lóxico matemático e a lectoescritura. A zona de xogo está organizada en recantos (xogo simbólico, biblioteca, arte e construción), onde levan a cabo diferentes actividades de manipulación, exploración e investigación respondendo así as súas necesidades.

ORGANIZACIÓN DO TEMPO

A organización temporal está marcada por rutinas, xa que a estas idades é a mellor forma de axudar ao alumnado a captar o paso do tempo. Existirán dentro da miña aula rutinas de entrada e saída, rutinas de merenda, rutina de relaxación... todas marcadas por ritos ou cancións. Organizarei o tempo tendo en conta o índice ponoxénico do meu alumnado para articular actividades de movemento e relaxantes.

ACTIVIDADES

O obxectivo principal das actividades será que teñan en conta as necesidades e intereses dos nenos e nenas da miña aula. Ademais de perseguir un desenvolvemento das súas capacidades, que sexan potencialmente significativas, que faciliten a interacción adulto-neno ou nena e entre iguais, que integren contidos de diferente tipo e que estimulen a participación a solidariedade e a non discriminación.

Na miña aula haberá actividades individuais, actividades levadas a cabo polo alumno ou alumna só ou coa axuda do mestre, actividades de interior e exterior, actividades en pequeno grupo...

RECURSOS

Serán variados atendendo as necesidades de cada actividade, proxecto ou tarefa que se leve a cabo, a modo de exemplo sinalo:

- Materiais: láminas, ordenador, proxector, fotografías, libros... ademais de todo o material funxible da aula.

- Persoais: os propios nenos e nenas, os mestres especialistas, a titora, as familias, persoas do entorno próximo...

Neste curso precisarase de materiais individuais e diferenciados para cada alumno e alumna, empregados na realización das distintas actividades. Cando sexa preciso compartir material común, distribuirase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos colaborativos, tendo que ser desinfectado antes e despois do seu uso.

AVALIACIÓN

A avaliación será global, continua e formativa e a técnica que utilizarei será a observación directa e sistemática ademais terei en conta as producións infantís, as entrevistas coas familias, o análise das miñas anotacións.... Levarei a cabo unha avaliación inicial, tanto ao comezo do curso como ao inicio de calquera proxecto. Para que a avaliación se leve a cabo de forma adecuada é necesario avaliar tamén o propio proceso de ensinanza e aprendizaxe e a min mesma como titora ademais do alumnado. A modo de exemplo propoño algúns criterios de avaliación para este curso escolar.

En canto ao meu alumnado, entre outros aspectos comprobarei se:

- Ven contento á escola.
- Participa nas actividades.
- Desfruta contando a súas vivencias.
- Respecta a quenda de palabra.

En canto ao proceso de ensinanza- aprendizaxe, comprobarei se:

- A organización de tempos foi adecuada.
- A organización do espazo foi significativa.
- Os recursos empregados foron os idóneos.

En canto a min como mestra titora, comprobar se:

- As actividades propostas foron significativas.
- A coordinación co resto dos mestres foi adecuada.
- A relación coas familias foi idónea.

Na situación de que o aula teña unha modalidade de semipresencial ou non presencial, a avaliación adaptarase tendo a observación directa e sistemática e o

análise das producións dos alumnos e alumnas como instrumento de avaliación primordial.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Gustaríame facer hincapé na necesidade de axustar a práctica docente a todo o alumnado empregando para iso materiais e espazos onde non haxan barreiras de aprendizaxe, se non que todos e todas teñan cabida no proceso de ensinanza.

Neste aspecto sinalar a propia diversidade dun aula mixta, na que se encontra alumnado de 4º, 5º, e 6º de Educación Infantil, atendendo a cada un deles de xeito individualizado partindo das súas necesidades e intereses. A miña aula está composta por alumnado heteroxéneo, estas diferenzas, en principio, son debidas a distintos niveis de desenvolvemento polo que proponho actividades de reforzo e ampliación, xunto coas instrucións que se determinen polo centro ou a consellería.

Prestarase especial atención o alumnado que tivese dificultades da fenda dixital, proporcionando se fose o caso outras vías para un traballo óptimo dos diferentes contidos.

ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA A ALTERNATIVA A RELIXIÓN

Traballarei actividades relacionadas cos valores e a empatía cara os demais sobre todo a partir dos contos e vídeos.

PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA EN ESCENARIOS DIFERENTES AO PRESENCIAL.

No referido á atención educativa do alumnado da aula de San Xurxo nos escenarios que impliquen unha atención diferente da establecida con carácter xeral para o ensino presencial, seguirase o establecido no apartado correspondente da PXA: PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA NOS DIFERENTES ESCENARIOS.”